



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS FEIRAS DO LIBRO DE GALICIA EN 2016.

En Santiago de Compostela, na sede dos servizos centrais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **22 XUÑ. 2016**

REÚNENSE:

Dunha parte a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en adiante, “a Consellería”) e no seu nome e representación Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 15/2016, do 9 de febreiro de 2015, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Federación de Libreiros de Galicia (CIF V15038458) e no seu nome e representación Pilar Rodríguez Álvarez, na súa condición de presidenta da, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

MANIFESTAN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior





eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Federación de Libreiros de Galicia, é unha entidade sen ánimo de lucro que naceu no ano 1977, como unha asociación integrada polos libreiros con establecemento aberto na Comunidade Autónoma Galega.

A Federación ten como finalidade un labor de continuidade no campo da promoción e difusión do libro e a lectura e, por extensión, da cultura en galego e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

Para o cumprimento destes fins a Federación utiliza, entre outros, os seguintes medios:

Participa na política libreira e bibliográfica e intervén nas actividades que afecten ao mercado do libro, á comercialización e aos intereses profesionais dos asociados; fomenta e organiza feiras do libro en todos os seus ámbitos; organiza ou colabora na organización de actividades culturais, recreativas ou sociais e participa activamente no fomento do libro.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2016, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan, nos que non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro é fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio a colaboración coa Federación de Libreiros de Galicia para a realización das feiras do libro de Galicia en 2016; o obxectivo destas feiras é ampliar a dinamización cultural do libro.

Para iso estas feiras desenvolveranse nas seguintes localidades: Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela, O Porriño, Lugo, Ourense, Redondela, Ribeira, Vigo, Rianxo, A Coruña, Viveiro, Foz e Monforte de Lemos, nas datas seguintes:





LOCALIDADES	DATAS		LOCALIZACIÓN	Nº DIAS
Pontevedra	do 05-abril	ao 10-abril	Praza da Ferrería	6
Ferrol	do 20-abril	ao 24-abril	Praza da Constitución	5
Santiago de Compostela	do 30-abril	ao 08-maio	Paseo Lateral da Alameda	9
O Porriño	do 12-maio	ao 15-maio	Rúa Ramón González	4
Lugo	do 17-maio	ao 22-maio	Praza Maior (arriba)	6
Ourense	do 03-xuño	ao 08-xuño	Rúa do Paseo	6
Redondela	do 16-xuño	ao 19-xuno	Alameda	4
Ribeira	do 23-xuño	ao 26-xuno	Praza do Concello	4
Vigo	do 01-xullo	ao 10-xullo	Porta do sol	10
Rianxo	do 21-xullo	Ao 24-xullo	Praza Castelao	4
A Coruña	do 01-agosto	ao 10-agosto	Xardíns de Méndez Núñez	10
Viveiro	do 13-agosto	ao 16-agosto	Xardíns de Noriega Varela	4
Foz	do 18-agosto	ao 21-agosto	Praza de Conde Fontao	4
Monforte de Lemos	do 24-agosto	ao 27-agosto	Rúa do Cardeal	4

Seguindo a tendencia de converter as feiras do libro en puntos de encontro culturais, de difusión do libro e da lectura, a Federación de Libreiros de Galicia organizará actividades culturais e sociais. As distintas actuacións inclúen presentación de libros, sinatura de exemplares polos autores, mesas redondas, clubs de lectura, manifestacións artísticas: danza, teatro, música ou artesanía.

Ademais levaranse a cabo obradoiros e demostracións de como persoas con minusvalías físicas e psíquicas acceden ao mundo da lectura e da palabra. E por último, organizaranse actividades infantís e xuvenís para reforzar os hábitos de lectura destes segmentos da poboación.

Estas feiras teñen como obxectivos primordiais o achegamento do libro aos seus potenciais lectores, mediante a súa exhibición, difusión e comercialización, fundamentalmente dos títulos publicados nos últimos anos, así como a promoción da lectura entre a sociedade galega.





A consellería de Cultura, Educación e Ordenación Univesitaria pretende con iso crear novas vías de achegamento cultural aos galegos, creando amplos escaprates, abertos a diferentes actividades susceptibles de comunicación a través da súa venda ou exposición pública.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a realización destas feiras, achegará á Federación de Libreiros de Galicia a cantidade de 120.000 €; esta achega financiarase, con fondos propios, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016.

As prestacións a realizar pola Federación de Libreiros de Gailcia, serán as seguintes:

1. Actividades inclúen presentación de libros, sinatura de exemplares polos autores, mesas redondas, clubs de lectura, manifestacións artísticas: danza, teatro, música ou artesanía.
2. Xestión de permisos e licencias de instalación
- 3.- Xestión dos elementos, das carpas, carteis ...
- 4.- Xestión da coordinación e información
- 5.- Acceso a datos .
- 6.- Vixilancia e seguridade
- 7.- Seguros e responsabilidade civil

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o interese social das mesmas, xa que é a Federación de Libreiros de Galicia a única que pode desenvolver as devanditas actividades na nosa comunidade autónoma.

Por iso e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2016, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO

A Federación de Libreiros de Galicia comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.





A axuda prevista neste convenio, queda suxeita ao Regulamento (UE) Nº 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE do 24.12.2013, L352/1)

O beneficiario deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRA.- SEGUIMIENTO DAS ACTIVIDADES

A Consellería nomeará un interlocutor da Secretaría Xeral de Cultura responsable de prestar asesoramento técnico e do seguimento das actividades contempladas neste convenio.

CUARTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e pola presidenta da Federación.

QUINTA.- FINANCIAMENTO

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 120.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Segundo o disposto no artigo 62 do Regulamento de Subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá realizar pagamentos a conta que suporán pagos fraccionados correspondentes co ritmo de execución das actividades obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se realizará como pago a conta, será de 96.000 €. O pagamento restante, 24.000 €, non se realizará ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada.

Para a tramitación dos pagamentos a conta deberá presentarse unha memoria na que se recollan as actuacións levadas a cabo, xunto coa correspondente xustificación dos gastos realizados.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 31 de outubro de 2016.





A Federación presentará a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. (Anexo II do convenio).

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

Para que a consellería poida realizar os libramentos, a Federación deberá achegar unha declaración responsable de titularidade de conta bancaria (Anexo III do convenio).

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2016, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Federación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.





En relación coas axudas de mínimos, cumprimentarase, declaración sobre calquera outra axuda de mínimos recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso suxeitas ao presente Regulamento (artigo 3.1) ou a outros regulamentos de mínimos. Así como a declaración doutras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

A contía total das axudas de mínimos concedidas a unha empresa non poderá exceder de 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais. Este umbral aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido.

As axudas de mínimos non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se dita acumulación da lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

A Federación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

A Federación deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. (Anexo I do convenio).

SEXTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como dípticos, catálogos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Federación.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as dúas partes comprométese a facer mención expresa do presente convenio.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

A Federación de Libreiros de Galicia comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.





SÉTIMA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

SÉTIMA.- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- OBRIGAS DAS PARTES

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Federación de Libreiro de Galicia, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.





DÉCIMA.- XURISDICCIÓN E VIXENCIA DO CONVENIO

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio á xurisdicción contencioso-administrativa.

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2016.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria



Román Rodríguez González

A presidenta da Federación de
Libreiros de Galicia

Pilar Rodríguez Álvarez